

NOVOS AMIGOS

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 44 páx. 15 €.

PREMIO HANS CHRISTIAN ANDERSEN 1998

Novos amigos (galego)

ISBN 978-84-8464-415-6. Tras os montes.

Nuevos amigos (castelán)

ISBN 978-84-8464-416-3. Clásicos contemporáneos.

Fer amics (catalán)

ISBN 978-84-16804-61-0. Clásics contemporanis.

Lagun berriak (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-069-0. Gaur egungo klasikoak.


Hoxe foi un día especial para Rafi Bamoko. A súa familia mudou de casa para un novo barrio, e el axudou os seus pais na mudanza. O primeiro que fixo ao chegar ao novo fogar foi desempaquetar as ferramentas e montar o seu taller no alpendre do patio traseiro...

Unha familia africana instálase nun novo barrio. No seu aniversario, o pequeno Rafi non ten a quen invitar porque aínda non fixo amizades pero, grazas ás ferramentas que o seu pai lle foi regalando, decide construír os seus propios amigos creando figuras con materiais reutilizados. Un día coñece a Ki, a filla dunha parella asiática que vive a carón da súa casa e ofrécese a coser roupa para vestir os bonecos. É así como, ademais de veciños, convértense en grandes amigos, unidos por unha afección común: a creatividade.

Non faltará quen os insulte por seren emigrantes e por coller nos vertedoiros o necesario para traballar, nin autoridades que poñan trabas a que poidan continuar desenvolvendo a súa imaxinación. Sen embargo, Rafi e Ki fanse famosos polas súas obras e animan a outras persoas a facer o mesmo.

Fiel ao seu estilo cheo de colorido e detalles de carácter surrealista, Tomi Ungerer leva ao terreo do álbum ilustrado o seu compromiso social cos débiles e desfavorecidos: en "Novos amigos" rexeita o racismo e a intolerancia, ironiza sobre os falsos tópicos asociados a outras culturas e aplaude a diversidade de costumes.

Tamén defende formas de creación distintas ás convencionais: a arte urbana e a arte-lixo a partir da reciclaxe son boas mostras.



■ **Temática:** diversidade, multiculturalidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil e xuvenil contemporánea; crítica social ao racismo e á intolerancia; migracións, tolerancia, integración; amizade; creatividade, arte moderna; do autor de "[Os tres bandidos](#)", "[Allumette](#)", "[Caracol, onde estás?](#)", "[Onde está o meu zapato?](#)", "[Cricotor](#)", "[Adelaida](#)", "[Emilio](#)" e "[Rufus, o morcego que adoraba as cores](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/novos-amigos-g>

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ademais de debuxante, tamén desenvolveu outra faceta como filántropo, colaborando en causas humanitarias.

<http://www.tomiungerer.com>

<https://www.musees.strasbourg.eu/musee-tomi-ungerer>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com